



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 4 DE FEBREIRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día catro de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 28 de xaneiro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da modificación das bases reguladoras da convocatoria de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables (PEL Emprende Investimento 2019). (Boletín Oficial da Provincial número 18, do 28 de xaneiro de 2020).

- Orde do 20 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (código de procedemento TR351A). (Diario Oficial de Galicia número 18, do 28 de xaneiro de 2020).

- Orde do 20 de decembro de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR351F). (Diario Oficial de Galicia número 18, do 28 de xaneiro de 2020).
- Resolución do 19 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2020 (código de procedemento SI435B, SI435A, SI427B, SI435C). (Diario Oficial de Galicia número 21, do 31 de xaneiro de 2020).
- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural, e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 21, do 31 de xaneiro de 2020).
- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras da convocatoria do Programa de socorrismo dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 21, do 31 de xaneiro de 2020).
- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural, e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 21, do 31 de xaneiro de 2020).
- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural, e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 21, do 31 de xaneiro de 2020).
- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural, e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 21, do 31 de xaneiro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 24 ao 30 de xaneiro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 112/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 164/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº	Data	Asunto
----	------	--------



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

decreto	sinatura	
112/2020	24-01-2020	Reposición legalidade urbanística por obras de reforma de vivenda sita en Fraís, Cecebre sen adaptarse á comunicación previa presentada. Propiedade: JCG
113/2020	24-01-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de xaneiro de 2020
114/2020	24-01-2020	Aprobación do proxecto e solicitude de subvención para o Paso Seguro para as lontras no encoro de Cecebre
115/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JHG, expediente nº 3726/2019
116/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de RMTS, expediente nº 3738/2019
117/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de PTS, expediente nº 3739/2019
118/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de SCJ, expediente nº 3753/2019
119/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AATG, expediente nº 3757/2019
120/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de SHF, expediente nº 3759/2019
121/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AOL, expediente nº 3760/2019
122/2020	24-01-2020	Aprobación do pagamento á Augas de Galicia do canon da auga correspondente autoliquidación do canon da auga do terceiro cuadrimestre do 2019
123/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de LT, expediente nº 3763/2019
124/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MB, expediente nº 3765/2019
125/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de CA de SC, expediente nº 3767/2019
126/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JAGP, expediente nº 3770/2019
127/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de HAJC, expediente nº 3772/2019
128/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MEEF, expediente nº 3773/2019
129/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MBG, expediente nº 3775/2019
130/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de NNDL, expediente nº 3777/2019
131/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de YUIL, expediente nº 3783/2019
132/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MJMC, expediente nº 3786/2019
133/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MJRS, expediente nº 3792/2019
134/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de YRV, expediente nº 3793/2019

135/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de CRV, expediente nº 3794/2019
136/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de CNV, expediente nº 3806/2019
137/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JRPS, expediente nº 3807/2019
138/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor ATB, expediente nº 3767/2019
139/2020	24-01-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes da menor FTB, expediente nº 3766/2019
140/2020	24-01-2020	Expediente sancionador por depósito de materiais residuais en finca sita en Peiraio, Bribes
141/2020	24-01-2020	Reposición legalidade urbanística por colocación de valo publicitario no Temple, Cambre nos arredores do Paraugas. Propiedade: ON, S.L.
142/2020	24-01-2020	Expediente sancionador por colocación de valo publicitario no Temple, Cambre nos arredores do Paraugas. Propiedade: ON, S.L.
143/2020	27-01-2020	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de xaneiro de 2020
144/2020	27-01-2020	Expediente núm. 1/2020 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2019 ao exercicio 2020
145/2020	27-01-2020	Aprobación do programa de actos e orzamento do Entroido en Cambre 2020
146/2020	27-01-2020	Pagamento da nómina de xaneiro de 2020 por un importe bruto de 388.410,08 euros
147/2020	27-01-2020	Baixa de liquidación de auga a nome de MJMMD por duplicidade (1º T 2019)
148/2020	28-01-2020	Denegar a axuda gastos farmacéuticos por non cumprir os compromisos do proxecto de intervención. Solicitante: MLL
149/2020	28-01-2020	Denegar a axuda recibo aluguer por estar o recibo xa pagado. Solicitante: CAP
150/2020	28-01-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de decembro de 2019, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de xaneiro de 2020
151/2020	28-01-2020	Corrección erros campaña dinamización Nadal 2019-2020
152/2020	28-01-2020	Corrección erro Resolución nº 2640/2019 da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá ditada o 24 de decembro de 2019. Expte. 2019/G003/002554. Expediente TEDEC: 2020/G003/000039 decreto corrección
153/2020	29-01-2020	Axudicación do posto de traballo vacante de coordinador deportivo
154/2020	29-01-2020	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividades xuvenís mes de novembro 2019
155/2020	29-01-2020	Aprobación do prezo público das escolas de actividade física e saúde do mes de decembro de 2019
156/2020	29-01-2020	Cobro dos admitidos no programa Xogando no Nadal 2019
157/2020	29-01-2020	Solicitude de subvención ao abeiro da Orde de 12 de decembro

		de 2019 para a Reforma e mellora do Ximnasio do Oliver Díaz Docando
158/2020	29-01-2020	Aprobar a incorporación da seguinte persoa ao Programa Municipal de Voluntariado do Concello de Cambre ZÁC
159/2020	30-01-2020	Aprobación da liquidación da liquidación do IVE do cuarto trimestre de 2019 e o seu pagamento
160/2020	30-01-2020	Excedencia por coidado de fillo menor á funcionaria MFV no período do 01 de febreiro 2020 ao 31 de xaneiro de 2021
161/2020	30-01-2020	Autorización substitución vehículo na licenza de taxi nº 11 e na autorización interurbana
162/2020	30-01-2020	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de decembro de 2019
163/2020	30-01-2020	Adxudicación CM mediante o sistema de vale pedido a SDT suministros técnicos deportivos SLU
164/2020	30-01-2020	Adxudicación CM mediante o sistema de vale pedido a Darlim SLU

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000002, por procedemento aberto e tramitación urxente (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), correspondente ao «Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema»

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C004/000010, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de “Actualización da cartografía do Municipio de Cambre”

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A. Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000002, por procedemento aberto e tramitación urxente (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), correspondente ao «Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema».

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 28 de xaneiro de 2020, elaborouse polo animador deportivo, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento para a contratación do servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo Lema, cun orzamento base de licitación de 106.268,32 euros e un valor estimado de 87.825,06 euros .

Con data 28 de xaneiro de 2020, asínase polo animador deportivo, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución do contrato, así como o prego de prescricións técnicas regulador das prestacións a realizar.

Consta o documento de retención de crédito asinado o 29 de xaneiro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 342.22700 (limpeza instalacións deportivas) e 342.22710 (conserxería instalacións deportivas).

Consta a providencia do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 29 de xaneiro de 2020 na que figura:

“Primeiro: Que por parte desa concellería se incoe expediente de contratación e se emitan os informes que procedan ao respecto.

Segundo: Dada a situación dos traballadores, a celebración do contrato debe ser considerada unha necesidade inaprazable e, polo tanto, resulta necesario acelerar a adxudicación por razóns de interese público, polo que solicito desa concellería, se eleve o expediente de contratación á Xunta de Goberno Local con proposta de declaración de urxencia cos efectos de redución de prazos na emisión de informes, licitación, adxudicación e formalización do contrato previstos no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público”.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 3 de febreiro de 2020, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 156 e seguintes da LCSP e declaración de urxencia do expediente cos efectos previstos no artigo 119.2 da LCSP, isto con base na situación dos traballadores, o que motiva que a celebración do contrato constituía unha necesidade inaprazable, debéndose acelerar a súa adxudicación por motivos de interese público.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e mailo interventor municipal, de data 3 de febreiro de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, isto tendo en conta a obriga das entidades locais con poboación superior a 20.000 habitantes de contar con instalacións deportivas de uso público [artigo 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local], así como o previsto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, segundo a cal os municipios exercerán no seu correspondente ámbito territorial, entre outras, as competencias de construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, así como velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade, cumpríndose co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP),.

Segundo: Declarar o expediente de contratación de tramitación urgente, cos efectos previstos no artigo 119.2 da LCSP, isto con base na situación dos traballadores, o que motiva que a celebración do contrato constitúa unha necesidade inaprazable, debéndose acelerar a súa adxudicación por motivos de interese público.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias do vixente orzamento 2020:

- 342.22700 *Limpeza instalacións deportivas*
- 342.22710 *Conserxería instalacións deportivas*

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000002, por procedemento aberto e tramitación urgente (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), correspondente ao «**Servizo de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais “Daniel Mallo Castro” de Cambre, “A Barcala-Lendoiro” e “Os Pinares” de Brexo-Lema**», cun orzamento base de licitación de 106.268,32 euros (IVE incluído) e un valor estimado de 87.825,06 euros, isto a teor do establecido nos artigos 117.1, 131.2, 146.1 e 156 e seguintes da LCSP.

Sexto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola secretaria xeral, de data 29 de outubro de 2019, en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras

Vogais: A secretaria xeral da Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

O coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez Názara e, como suplente, a dinamizadora cultural, dona Pilar Paz Delgado

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao departamento de Secretaría, dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López

Sétimo: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, co fin de que se poidan presentar ofertas

no prazo de OITO DÍAS NATURAIS, a contar dende o día seguinte ao da publicación, por aplicación da tramitación de urxencia (artigo 119 da LCSP).

Oitavo: Notifíquese ao coordinador de actividades culturais e educativas, así como á responsable de Contratación, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.-Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C004/000010, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación , con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de “Actualización da cartografía do Municipio de Cambre”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 27 de xaneiro de 2020, elaborouse polo arquitecto municipal o prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo de actualización da cartografía do Municipio de Cambre, cun valor estimado de 41.314,26 euros e un orzamento base de licitación de 49.990,25 euros IVE incluído.

Con data do 3 de febreiro seguinte, asínase polo citado técnico municipal a memoria xustificativa para a contratación do servizo de actualización da cartografía do municipio de Cambre, na que constan, entre outros aspectos, a necesidade para iniciar expediente de contratación, a natureza e extensión das necesidades a cubrir, a insuficiencia de medios, a motivación da non división en lotes, a xustificación da elección do procedemento, os criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución para a contratación do servizo de actualización da cartografía do Municipio de Cambre.

Consta Informe de Intervención asinado o 29 de xaneiro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 151.22706.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 3 de febreiro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 3 de febreiro de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para a obtención dunha información cartográfica de referencia, que sirva de base para os traballos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre , dando así cumprimento ás competencias propias municipais en materia de planeamento,

xestión e execución urbanística, establecidas no art. 25.2.a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. **2019/C004/000010**, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adjudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de **“Actualización da cartografía do Municipio de Cambre”**, cun valor estimado de 41.314,26 euros e un orzamento base de licitación de 49.990,25 euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 151.22706, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal don Óscar Souto Muiño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.



Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia